

SABÍAS QUE...

- ❁ O vidro é 100% reciclábel.
- ❁ O ano pasado as arcas municipais gastaron 4.600 millóns de ptas. menos grazas ao reciclado do vidro.
- ❁ Unha tonelada de papel reciclado evita a tala de 12 árbores.
- ❁ A fabricación de papel novo a partir de papel reciclado supón un aforro do 33% da enerxía e un 83% de auga con respecto á fabricación do papel normal.
- ❁ Unha garrafa de auga tarda en descompoñerse entre 500 e 1000 anos.

consellos

- ❁ Depositar a tapa ou tapón dos briks e garrafas por separado dentro da bolsa amarela.
- ❁ Enxaugar os envases antes de tiralos na bolsa amarela, de forma que teñan o menor contido de materia orgánica posíbel.
- ❁ Non pechar as bolsas que se vaian botar no colector amarelo.
- ❁ No colector do vidro non depositar tapas, tapóns (van nos amarelos) ou rollas das botellas (van no xenérico).
- ❁ Non verter aceite polos desaugadoiros, depositalo nunha garrafa de plástico e botalo ao xenérico.

RECICLA A TÚA MENTE



ACTIVIDADES

PARA O PÚBLICO EN XERAL

- o **Tren "Totó":** punto informativo móbil sobre a recollida selectiva. Os puntos polos que irá ao longo da semana son Viloiira, Éntoma, Veigamuíños, a praza do Concello e mais o paseo do Malecón.
- o **Xincana de familias**
 - Día: sábado 17 de novembro
 - Hora: 12:45/14:00 h.
 - Lugar: pavillón antigo
 - Participantes: familias de todo tipo
 - Regalo dun electrodoméstico de baixo consumo para a familia gañadora e agasallos para todas as familias participantes.
- o **I Rastro de Valdeorras**
 - Día: domingo 18 de novembro
 - Hora: 10:00/15:00 h. para a xente que quere vender
11:00/15:00 h. para a xente que só vai comprar
 - Lugar: praza do Concello ou pavillón antigo (en función da meteoroloxía).
- o **Miniolimpiadas**
 - Día: mércores 14 de novembro
 - Hora: 17:00/18:30 h.
 - Lugar: praza do Concello
 - Participantes: nenas e nenos de 8 a 12 anos
 - Haberá agasallos para todas e todos os participantes

PARA A COMUNIDADE ESCOLAR

- o **Os atrapalixos:** son uns monstros que viven nos colectores e precisan dos residuos para vivir. Hai catro e cada un deles precisa dunha cousa, polo que necesitan que os humanos separemos na nosa casa para o correcto funcionamento dos seus mundos.
- o **Mesa redonda:** Coloquio coas nenas e cos nenos sobre a problemática dos residuos.
- o **Visita ao punto limpo.**

BOAS PRÁCTICAS

- o **Punto limpo**
 - Colocación dun cartel na entrada que informe sobre os residuos que poden ser depositados, o horario e as normas de funcionamento.
 - Colocación de carteis individuais ao lado de cada colector, coa indicación do residuo que vai en cada un.
- o **Planta de compostaxe:** creación dunha planta de compostaxe para elaborar compost a partir da materia orgánica xerada no Concello.
- o **Proxecto de recollida de aceite:** recollida de aceite porta a porta e xestión deste ata a planta de reciclado.
- o Implantación no concello do **programa "O teu papel"** coa finalidade de establecer o reciclado de papel entre os empregados dos edificios municipais.